

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESES DE MONDOÑEDO-FERROL PARA A INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA ESTUDIOS MINDONIENSES NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Ámbito competencial

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 16, establece que lle *corresponde a xestión do Rexistro de Bibliotecas, dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros, así como a declaración de bibliotecas de especial interese para Galicia.*

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, *correspóndelle Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na rede, segundo o establecido nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas.*

Con este fin, regúlanse os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas públicas na Rede de Bibliotecas de Galicia segundo establece o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo establece no artigo 7, a rede configúrase *como a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Forman parte dela tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, coma todos os de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.*

Por outra parte, A Dioceses de Mondoñedo-Ferrol solicitou a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia do seu centro bibliotecario, despois de que os servizos técnicos





desta consellería analizaran a documentación achegada, procedeuse á redacción do correspondente informe de idoneidade e resolveuse a integración na Rede por parte do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da publicación da *Orde do 20 de outubro de 2022 pola que se resolve a inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia e a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Estudos Mindonienses*, (DOG núm. 209, do 3 de novembro de 2022). Para a que a integración do centro bibliotecario na Rede adquira firmeza e sexa efectiva, a normativa en materia de bibliotecas recolle a necesidade da formalización do presente convenio nun prazo de tres meses dende a publicación da orde de integración.

Antecedentes

Coa publicación da *Orde do 20 de outubro de 2022 pola que se resolve a inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia e a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Estudos Mindonienses*, (DOG núm. 209, do 3 de novembro de 2022), integrouse na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca Estudos Mindonienses de titularidade da Dioceses de Mondoñedo-Ferrol. A integración formalizarase coa sinatura do presente convenio.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia e a Dioceses de Mondoñedo-Ferrol acordan a formalización deste convenio co obxecto da inclusión do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación que se poidan establecer nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.





- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Orde do 20 de outubro de 2022 pola que se resolve a inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia e a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Estudos Mindonienses, (DOG núm. 209, do 3 de novembro de 2022).

Interese

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de formalizar o compromiso de integración da Biblioteca Estudos Mindonienses na Rede de Bibliotecas de Galicia. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas que prestan servizo público en Galicia e, que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica ás





entidades titulares destes servizos.

Pola súa parte, a Dioceses de Mondoñedo-Ferrol pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

Este convenio asínase cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas en particular.

Trátase dun convenio de colaboración para achegar á cidadanía galega en xeral entre outros servizos, o acceso universal á colección deste servizo bibliotecario.

Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

